



MEMORIA XUSTIFICATIVA
CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE
PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E A ASOCIACIÓN GALEGA DE
APICULTURA

O Decreto 177/2016 do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, regulan que esta vicepresidencia e consellería, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias que, en materia de protección civil, ten atribuídas a Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 24 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a Xunta de Galicia poderá asinar convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, regulan que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Antecedentes:

Entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é conveniente contar en determinados momentos con medios alleos, ademais dos propios, co fin de optimizar recursos e orzamentos, mellorando a planificación e intervención nas emerxencias ordinarias e extraordinarias que poidan darse na nosa comunidade.

Entre os fins da Asociación Galega de Apicultura “AGA” está informar, formar e asesorar aos asociados e á sociedade, no seu conxunto, co fin de apoiar as accións de prevención, promoción, divulgación, información, asesoramento e posible intervención na recollida ou control de enxames e avespeiros que se atoparan en vivendas ou en calquera edificación pública, estamento, organismo público ou lugar de libre concorrência, que, dada a afluencia de persoas, provocaran perigo ou incomodidades ás mesmas, contribuíndo deste xeito á tranquilidade da poboación e colaboración coa protección civil no ámbito territorial da comunidade autónoma.

Ante o problema crecente de proliferación de enxames e niños de abellas e avespas vense asinando dende hai varios anos un convenio de colaboración coa AGA para apoiar aos órganos e autoridades de protección civil, tanto nas situacións de perigo ocasionadas polo tratamento de enxames e avespeiros como nas accións de prevención, promoción, divulgación e información para a seguridade dos nosos cidadáns.

Finalidade:

Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar coa Asociación Galega de Apicultura (AGA) o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

O convenio ten por obxecto establecer as bases para a colaboración no Sistema de Protección Civil de Galicia, entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e a Asociación Galega de Apicultura (AGA), en materia de protección civil en canto ao



apoio que esta poida aportar nas accións de prevención, promoción, divulgación, información, asesoramento e posible intervención na recollida ou control de enxames, niños e avespeiros que se atoparan en vivendas ou en calquera edificación pública, estamento, organismo público ou lugar de libre concorrencia, que, dada a afluencia de persoas, provocaran perigo ou incomodidades ás mesmas, contribuíndo deste xeito á tranquilidade da poboación e colaboración coa protección civil no ámbito territorial da comunidade autónoma.

O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase na necesidade de asesoramento e mobilización a través do Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia quen debe remitir as chamadas de emerxencia relacionadas con esta actividade á AGA, que será quen de avalialas tecnicamente, procurando unha solución axeitada. Así mesmo a actividade de información, divulgación e formación do persoal do Sistema de Protección Civil de Galicia levada a cabo por esta asociación é fundamental para a prevención e socorro en situacións de riscos ocasionados pola aparición de niños ou enxames en situacións de emerxencia..

Dado que esta actividade de interese público desenvolvida en toda a comunidade autónoma, só pode ser exercidas pola Asociación Galega de Apicultura, non é posible a aplicación dos principios de publicidade e concorrencia pública, de acordo co establecido na Lei 1/2016 do 18 de xaneiro de transparencia e bo goberno da Administración Pública Galega.

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza colaborará nos custos que xeran as actividades obxecto do presente convenio, reflectido no orzamento global de previsión de gastos (anexo I), con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.640.0 e código de proxecto 2015 00138 dos orzamentos do ano 2017, por un importe de vinte e un mil euros (21000 €).

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando este fóra do ámbito de aplicación do texto refundido la Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da citada norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 3 de marzo de 2017
O director xeral de Emerxencias e Interior

Luís Menor Pérez

